



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



OPEN BLACK-BASS BEIRA

ENCORO DE BELESAR

TABOADA

Este Open está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Lugo, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade. Esta Competición rexerese polas presentes bases, pola vixente normativa de pesca fluvial da Xunta de Galicia e polo Regulamento de Competicións de Pesca Deportiva e Cásting da FEPeC.

ESTA COMPETICIÓN TERÁ LUGAR SI SE INSCRIBEN POLO MENOS DOCE DEPORTISTAS.

Data: 26 de setembro de 2021.

Lugar de encontro:

A recepción dos participantes terá lugar no proio escenario ás 8,00 horas do día 26 de setembro de 2021

XURADO

A composición nominal do Xurado darase a coñecer antes do inicio da proba.

MANGAS

A competición desenvolverase a dúas mangas, cunha duración de 4 horas cada unha delas.

PROHIBICIÓN DA PESCA

Durante os dous días anteriores á competición, está terminantemente prohibida aos participantes a pesca nos escenarios marcados con antelación.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



DEPORTISTAS.

A Organización fixa unha cota de inscrición de 20 euros por participante, que deberá ser ingresada na conta da F.G.P. nº ES34 2080 0176 9630 4001 0672, ata a data linde do 20 de setembro de 2021 ás 14,00 horas. As inscricións cómpre facelas única e exclusivamente ao correo delegadocoruna@fgpesca.org

Tódolos participantes deberán ter a licenza federativa e a licenza de pesca fluvial da Comunidade Autónoma de Galicia en vigor.

ESCENARIO.

Estará dividido en dous sectores:

NORMAS DE DESENVOLVEMENTO

O exercicio da pesca deberá facerse sempre dende a beira, non permitíndose meterse na auga baixo ningún pretexto.

Tanto nos desprazamentos como na acción de pesca os deportistas non poderán tomar contacto nin intercambiar impresións con outros deportistas ou persoas alleas á competición, non estando permitido a cesión de cebos ou materiais para o exercicio da pesca.

Cada participante deberá gardar unha distancia mínima con outros participantes de un radio de 25 mts.

O desprazamento dos deportistas farase a pé.

PEZAS VÁLIDAS

Considéranse válidas tódalas capturas pertencentes á especie: *Micropterus salmoides* (Black Bass) ou *Perca Negra*.

As capturas deberán gardarse en seco. En cumprimento da normativa vixente, no momento de presentalas á pesaxe non poden estar vivas.

Cada deportista é responsable da retirada e eliminación das capturas presentadas á pesaxe.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ao entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

MATERIAL DEPORTIVO.

Canas. Serán de libre utilización. En acción de pesca, cada deportista só pode facer uso dunha cama e o seu carrete. Non obstante, os deportistas poden ter outras canas de reserva montadas.

Carretes. Serán de Libre utilización.

Liñas. Serán de libre utilización.

Baixos de liña. Serán de libre utilización.

Cebos. Só se poderán usar cebos artificiais. Queda prohibido o uso de cebos naturais, vivos o mortos, enteiros ou en anacos.

Tódalas pezas deberán ser capturadas de forma deportiva e só pode empregarse un único engano artificial en cada liña. Queda prohibido o uso de anzois múltiples coma o Alabama Rig.

Autorízase exclusivamente o uso de aromatizantes, aceites e esencias, nos enganos artificiais, para untalos ou aromatizalos.

Prohibido o uso de calquera tipo de fariñas, pastas, engados, aromatizantes, esencias, aceites, colorantes, etc., naturais ou artificiais, que se boten a auga coa finalidade de atraer aos peixes.

Material auxiliar: Autorízase o uso dun trueiro ou redefol para a retirada das capturas da auga. Esta acción débena realizar os propios deportistas.

Os catro primeiros clasificados, formarán a Selección Galega para o Campionato de España da especialidade 2022.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma. Elevarase acta da proba ao Comité de Competición que, de ser o caso, actuará de oficio.

PROGRAMA

- 08:00 horas Recepción dos participantes. Control da temperatura corporal.
Sorteo de dorsais e entrega de documentación.
- 09:00 “ Inicio da primeira manga.
- 13:00 “ Fin da primeira manga.
- 14:00 “ Descanso.
- 15:00 “ Inicio da segunda manga.
- 19:00 “ Fin da competición.
- 20:00 “ Entrega de premios e clausura da competición.

Por mor da actual crise sanitaria a organización non entregará, nin fará servir, ningunha clase de comida nin bebida aos participantes. Cada participante deberá traer as súas propias bebidas e comidas debidamente identificadas.

Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 (www.fgpesca.org)

É imperativo que unha vez rematada a competición, mentres esteamos á espera da clasificación e entrega de premios, usemos a mascariña en todo momento, teñamos as mans desinfectadas, non ocupemos espazos pechados e manteñamos a distancia de seguridade.

Ao longo da competición uso obrigatorio de mascariña sempre que a distancia interpersoal non sexa igual ou superior a dous metros.

Que poidamos seguir desenvolvendo a nosa actividade con seguridade tamén depende de todos nós.

Para esta competición o responsable do protocolo COVID-19 será o Delegado Provincial da FGPeC D. Ramón Castro Varela tlf. 670907902

Asdo. Pablo de Andrés Vales
Presidente do Comité de Black Bass